



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 11/2024

Procedemento: Contratación execucións das obras do proxecto técnico “REPOSICIÓN DE VIAL E EXECUCION DE MURO NO LUGAR DE VILAR”, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024)

Orzamento base de licitación: 51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77 €)

Documento: Certificado do acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do expediente de contratación.

Eu, Patricia Hernández Estévez, Secretaria do Concello de Arbo (Pontevedra)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29 de maio de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“8.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN COMPLETO, XUNTO CO PROXECTO TÉCNICO E OS PREGOS DE CLÁSULAS ADMINITRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A AXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “REPOSICIÓN DE VIAL E EXECUCIÓN DE MURO NO LUGAR DE VILAR”, INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CUN ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DE 51.613,82 EUROS (IVE 21% INCLUÍDO) A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO, TRÁMITE ORDINARIO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA (VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN):

Vista a convocatoria de axudas, do Plan + Provincia 2024, en concreto, na *Liña 1: Investimentos*, da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 2 de 3 de xaneiro de 2024.

Examinadas as necesidades deste Concello, por esta Alcaldía encargouse a redacción do proxecto denominado **“REPOSICIÓN DE VIAL E EXECUCION DE MURO NO LUGAR DE VILAR”**, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia 2024), cun orzamento total de **51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77 €)**, redactado en marzo de 2024 polo Arquitecto Técnico, German Fernández Fernández, e asinado dixitalmente o 19.03.2024.

Á vista do expediente que se tramitou ante a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra onde, a través de Resolución da Alcaldía nº 149/2024 de data 20.03.2024, se solicita unha subvención polo 100% da referida actuación denominada **“REPOSICIÓN DE VIAL E EXECUCION DE MURO NO LUGAR DE VILAR”** cun orzamento total de **51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77€)**, co fin de mellorar e ampliar os camiños públicos municipais, con cargo ao Plan Máis Provincia 2024: Liña 1 – Investimentos.

Tendo en conta que consta no expediente proxecto técnico redactado en marzo de 2023, na versión asinada dixitalmente o 19.03.2024 polo Arquitecto Técnico, German





Concello de Arbo

Fernández Fernández, que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento da referida actuación o importe de 51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77 €)

Visto o informe do arquitecto municipal de 19.03.2024 no que se informa sobre a adecuación do proxecto da actuación á normativa urbanística vixente, a non necesidade de autorizacións sectoriais, así como sobre a titularidade municipal e dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras

Por Resolución Presidencial da Deputación Provincial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 14.05.2024 acordouse conceder ao concello de Arbo, unha subvención por importe de 51.613,82 euros co obxecto do financiamento do investimento **“REPOSICION VIAL Y EJECUCION DE MURO EN LUGAR DE VILAR”** (Exp: 2024019413), cuxo orzamento ascende 51.613,82 euros, recibida a notificación a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 15/05/2024 ás 09:30 horas (núm. rexistro entrada 2024-E-RC-1207).

Tendo en conta que as obras a realizar consisten na reposición dos muros de contención e do paquete de firmes, co fin de facilitar a accesibilidade e mobilidade das persoas e vehículos, ampliando o vial para facilitar o cruce de vehículos e persoas na zona que atravesa o núcleo, aumentando a visibilidade e dotándoa dunha varanda metálica, situada na coroación do muro, para a seguridade dos peóns.

Ante a necesidade de contratar a execución das obras do **“REPOSICION VIAL Y EJECUCION DE MURO EN LUGAR DE VILAR”**, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024), ao abeiro do proxecto técnico na versión dixitalmente asinada o 19.03.2024 polo Arquitecto Técnico, German Fernández Fernández, que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento da referida actuación o importe de 51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77€), e que conta con financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra, no importe de 51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77 €) en virtude da Resolución Presidencial do Ente Provincial de data 14.05.2024, notificada a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 15/05/2024 ás 09:30 horas (núm. rexistro entrada 2024-E-RC-1207), por Resolución da Alcaldía nº 239/2024 de data 20.05.2024, tras avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 21 de xuño de 2023, resolveuse iniciar o expediente de contratación das referidas obras, a través de procedemento aberto, en trámite ordinario, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), cuxa tramitación se levará a cabo por medios electrónicos, e ordenando a incorporación no expediente dos seguintes documentos:

- *Proxecto técnico cos documentos esixidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.*
- *Acta de recuamento previo.*
- *Informe de viabilidade urbanística das obras emitido polo servizo técnico municipal.*
- *Informes e autorizacións sectoriais, de ser precisas.*
- *Memoria xustificativa da contratación das obras*
- *Informe de necesidade*
- *Informe existencia de crédito*
- *Informe de secretaría*
- *A emisión do informe de fiscalización da intervención municipal.*

Para o seu sometemento posterior a aprobación polo órgano competente.





Concello de Arbo

En base a documentación existente no expediente, memoria xustificativa de alcaldía e informe de necesidade de data 21.05.2024 , proxecto técnico na versión asinada dixitalmente o 19.03.2024 polo arquitecto técnico D. Germán Fernández Fernández, informe técnico de 19.03.2024, e informes da secretaría-intervención que obran no expediente de data 22.05.2024, e de acordo coa DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, á vista da Proposta da Alcaldía de data 22.05.2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN CANTO QUE ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMPETENTE, POR DELEGACIÓN DESTA ALCALDÍA A MEDIO DE RESOLUCIÓN DE 21 DE XUÑO DE 2023, POR UNANIMIDADE (4 votos, incluído o do Sr. Alcalde-presidente), ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO.-Aprobar o PROXECTO TÉCNICO das obras de “REPOSICIÓN DE VIAL E EXECUCION DE MURO NO LUGAR DE VILAR”, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal cun orzamento total de **51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77€)**, redactado en marzo de 2024 polo Arquitecto Técnico, German Fernández Fernández, e asinado dixitalmente o 19.03.2024 e que conta con financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra, no importe de 51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77€) en virtude da Resolución Presidencia do Ente Provincial de data 14.05.2024, notificada a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 15/05/2024 ás 09:30 horas (núm. rexistro entrada 2024-E-RC-1207) (Exp: 2024019413).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación completo para a execución do investimento do proxecto **“REPOSICIÓN DE VIAL E EXECUCION DE MURO NO LUGAR DE VILAR”,** incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal cun orzamento total de **51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77 €)**, redactado en marzo de 2024 polo Arquitecto Técnico, German Fernández Fernández, e asinado dixitalmente o 19.03.2024 que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento da referida actuación o importe de de 51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77€)

TERCEIRO.- Aprobar o gasto no importe de **51.613,82 € (IVE do 21% incluído que ascende a 8.957,77€)** con cargo a aplicación orzamentaria **1531.619** do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024.

CUARTO.- Licitar o contrato a través da Plataforma de Contratación do Estado a través de procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), en trámite ordinario.

E para que conste no expediente do que trae causa, expido o presente, coas reservas do art. 206 do ROF, e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

Vº e Pª, O Alcalde. Horacio Gil Expósito. *Sinatura dixital á marxe*
A secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez. *Sinatura dixital á marxe*

